

Área de Igualdade da Deputación Provincial

“8M, Mes a Mes”

Dende a Área de Igualdade da Deputación Provincial e continuando co programa “8M, Mes a Mes”, queremos brindar homenaxe á asociación FEMURO (Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense), personificado en María Isabel Garrido Blanco (Maribel) presidenta da federación.

Maribel foi unha das fundadoras da federación, xunto con Corona Meixeira, no ano 1998; foi no 2012 cando chegou á presidencia de FEMURO. Que é FEMURO e cal é a súa labor? O “8M, Mes a Mes” correspondente a esta mensuralidade quere poñer en valor estas preguntas, xa que está moi ligado ao importante e destacado “Día da Muller Rural” que ten lugar cada 15 de Outubro. Esta federación conta cunha xornada en relación a esta celebración que se levará a cabo o día 18 deste mes en Vilardevós.

FEMURO nace baixo a necesidade común de crear un espazo de unión e colaboración entre as asociacións de mulleres do rural. Como Maribel engade: “ É unha federación que traballa para fortalecer o tecido asociativo feminino e mellorar as condicións de vida das mulleres nas zonas rurais de Ourense.”

As labores realizadas recóllense en dúas grandes liñas: asociacionismo e ámbito social. O asociacionismo desta federación amosase no acompañamento ás asociacións de mulleres na súa creación e consolidación, ofrecendo asesoramento, apoio en xestións e trámites, dinamización de actividades e organización de talleres, encontros e xornadas formativas. Actualmente contan con 68 asociacións federadas repartidas por todo o territorio ourensán. Por outro lado, no ámbito social a federación desenvolve programas de emprego, formación, emerxencia social e conciliación, centrados especialmente na atención ás mulleres en situacións de vulnerabilidade; ademáis, leva a cabo accións de sensibilización en igualdade dirixidas a toda a poboación, con especial presenza nos centros educativos, onde traballa coa infancia e a adolescencia para previr as violencias machistas e fomentar relacións baseadas no respecto e na igualdade.

Maribel conclúe: “FEMURO converteuse nun nexo de unión entre mulleres de distintas idades, procedencias e realidades, un espazo onde atopan apoio, orientación e acompañamento. Ben sexa para poñer en marcha unha asociación, buscar orientación laboral, cubrir necesidades básicas ou simplemente compartir un lugar de escoita e convivencia, FEMURO é sinónimo de rede, forza e comunidade no rural ourensán.” Teresa Barge, Deputada de Igualdade, engadiu que se trata dun claro exemplo de forza feminina dende o rural ourensán que queremos poñer en valor e resaltar este 15 de Outubro, Día da Muller Rural.

CONTACTO: 988 41 13 90



#igualOU

Redes Sociais e Web:

www.femuro.org

Facebook: Femuro Ourense Verín

Instagram: Femuroverin

Youtube: Femuro Verín Ourense

Programa “Día da Muller Rural”:

DÍA DA MULLER RURAL
Vilardevós, 18/10/2025

10.15 h-10.45h
Chegada Asociacións MM.RR- Recepción na Casa da cultura de Vilardevós

11.00 h
Visita guiada por Vilardevós

- Casa da Cultura-Exposición de traballos da Asociación Anfitrioa
- Centro de Vilardevós-Avenida
- Cruceiro e Igrexa (Actuación Coral A Tempo)
- Centro do Contrabando-Museo da Oliveira

13.15 h
Intervención Autoridades e Presidenta da Asociación MM.RR Entre nós

14.00 h
Xantar no CEIP Rodolfo Núñez Rodríguez
Festa e Baile

ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS
Entre nós
VILARDEVÓS

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE
Mulleres Rurais de Ourense

Imaxes:





